



BASES E PROTOCOLO COVID-19 DO PROGRAMA “DE AVENTURA VERÁN 2022”: SEMANA DE AVENTURA VERÁN: TECNOVERÁN (11 AO 15 XULLO), SEMANA DE AVENTURA VERÁN: NAUTICVERÁN (1 AO 5 AGOSTO) E XORNADAS ESCAPE ROOMS VERÁN (11 XULLO E 12 AGOSTO) PARA RAPACES/AS NADOS/AS ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2009 E O 31 DE DECEMBRO DE 2005 (13-17 ANOS):

Artigo 1. O PROGRAMA “DE AVENTURA VERÁN 2022”: SEMANA DE AVENTURA VERÁN: TECNOVERÁN (11 AO 15 XULLO), SEMANA DE AVENTURA VERÁN: NAUTICVERÁN (1 AO 5 AGOSTO) E XORNADAS ESCAPE ROOMS VERÁN (11 XULLO E 12 AGOSTO) PARA RAPACES/AS NADOS/AS ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2009 E O 31 DE DECEMBRO DE 2005 (13-17 ANOS): é un programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia e a mocidade, co obxectivo de conciliar as responsabilidades familiares, persoais e profesionais ao mesmo tempo que garante a igualdade de oportunidades.

Como xa aconteceu en 2021, as circunstancias derivadas da crise sanitaria da COVID-19 fan moi necesario poder ofertar un recurso de conciliación para as familias de Vilagarcía e de educación non formal para o tempo de lecer dos nosos nenos e nenas que lles permita beneficiarse do programa de campamentos urbanos coas máximas garantías de prevención e hixiene, e que se realizarán baixo as medidas de prevención e seguridade que sexan precisas, **e tendo en conta a situación actual tras a aprobación do Real Decreto 286/2022, do 19 de abril.**

Deste xeito, a oferta deste ano comprenderá actividades, que se levarán a cabo coas máximas garantías de prevención e hixiene, para facilitar un espazo de ocio orientado a favorecer o seu benestar físico e emocional. Deste xeito realizaranse as adaptacións que sexan necesario adoptar segundo os protocolos e recomendacións covid que estén vixentes no período, tanto ao comenzo como no desenvolvemento, dad actividades e veñan determinadas polas autoridades sanitarias competentes, para unha prestación do servizo máis eficiente e con todas as garantías.

Trátase, de proporcionar unha alternativa de ocio saludable mediante a realización dunha ampla variedade de actividades que contribúan ao reforzo dos contidos

educativos dun xeito lúdico, aproveitando todo o potencial que nos ofrece o período estival, o tempo de ocio, e a través dun proxecto educativo inmersivo en consonancia cos postulados da educación non formal que favoreza a adquisición de habilidades e destrezas tecnolóxicas así como o respecto e fomento da igualdade entre xéneros.

É necesario, por tanto proporcionar alternativas de conciliación da vida familiar e laboral, así coma que os máis novos/as poidan desfrutar de espazos seguros para o ocio e disfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas medioambientais, protección e promoción do patrimonio natural, artístico e histórico de Vilagarcía así como de favorecer actividades lúdico deportivas e culturais de adquisición de destrezas e coñecemento de novas ferramentas tecnolóxicas e sobre todo favorecendo un clima de igualdade e respecto entre todos e todas os/as participantes. Todo elo, dirixido por un equipo educativo, en cada actividade, que contribúa á canalización das súas inquedanzas xerando procesos participativos grupais a través de distintas propostas de ocio saudable e participativo.

As actividades do programa “De aventura verán 2022” permiten aproveitar as vacacións do período estival para desfrutar o tempo libre participando en actividades educativas inmersivas, sempre buscando o desenvolvemento e o enriquecemento vital dos/as participantes, mediante a adquisición de experiencias e aprendizaxes que favorecen a súa autonomía.

As presentes Bases públicas rexerán o proceso de preinscrición e formalización de inscrición no programa: **“DE AVENTURA VERÁN 2022”: SEMANA DE AVENTURA VERÁN: TECNOVERÁN (11 AO 15 XULLO), SEMANA DE AVENTURA VERÁN: NAUTICVERÁN (1 AO 5 AGOSTO) E XORNADAS ESCAPE ROOMS VERÁN (11 XULLO E 12 AGOSTO) PARA RAPACES/AS NADOS/AS ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2009 E O 31 DE DECEMBRO DE 2005 (13-17 ANOS):**

Artigo 2. Destinatarios/as e requisitos de acceso

2.1. Destinatarios/as.

- a) O Programa está dirixido a rapaces/as distribuídos en tres ACTIVIDADES que adaptaranse á ratio que establece o Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro que refunde e actualiza a normativa en materia de Xuventude da Xunta de Galicia e publicado no Dog do 10 marzo de 2000) para nados/as entre o **1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2005**, empadroados/as preferentemente no Concello de Vilagarcía de Arousa, Será requisito de acceso imprescindible que o solicitante deberá estar empadroado/a no municipio de Vilagarcía de Arousa

- b) Non poderán participar no programa de actividades “de aventura verán 2022” as persoas que se atopen na seguinte situación, que será aplicable tanto para o equipo técnico das actividades (sexan contratados ou persoas voluntarias), así como para os nenos/as participantes:
- aqueles/as persoas aos que se lles diagnosticase unha enfermidade infectocontaxiosa (covid-19 ou calquera outra) e tamén a aqueles/as persoas que non finalizasen o período de illamento

Por tanto, para participar no programa de actividades “de aventura verán 2022” será requisito indispensable: non padecer ningunha enfermidade infectocontaxiosa en fase activa (covid-19 ou calquera outra).

2.2. Poderán participar menores en situación de tutela ou garda por parte da administración que se atopen en réximen de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro con sede en Vilagarcía de Arousa.

2.3. As persoas dos equipos técnicos, así como o pai/nai ou titor dos/as participantes en calquera das actividades do Programa de deberán presentar, antes do comezo da actividade, unha declaración responsable, que recollerá, cando menos, os seguintes puntos e que estará dispoñible, na última semana de xuño para a súa descarga no seguinte enlace: www.sede.vilagarcia.gal:

- a) Condicións de saúde da persoa participante
- b) Aceptación, tras a presente información previa por parte do concello, das condicións de hixiene e prevención nas que se van a desenvolver os campamentos urbanos.
- c) Aceptación de notificar inmediatamente ao concello de calquera problema de saúde durante o transcurso da actividade.

Artigo 3.- Organización do servizo e protocolos prevención COVID 19

As actividades que desenvolverán os/as rapaces/as nas actividades descritas no Programa “de aventura verán 2022” os/as participantes seguirán a ratio que establece o Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro, da Xunta de Galicia *polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude* (DOg 10 marzo de 2000) da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller.

Estes grupos estarán en todo momento supervisados aos efectos de cumprimento destes protocolos . Os/as proxenitores en todo momento, terán dereito a estar

informados destes protocolos iniciais e dos cambios que se realicen nos mesmos durante o desenvolvemento do programa.

En todo caso, están obrigados a informar ao Concello de calquera eventualidade que se dea dentro do seo da unidade familiar relacionada con esta enfermidade durante todo o desenvolvemento do servizo.

Os/as proxenitores/as elixirán na solicitude praza de actividade “de aventura verán 2022” (unha solicitude individual por actividade)) de completarse ás prazas , por orde de chegada, elaborárase unha lista de agarda, por cada actividade, e seguindo a orde de entrada na preinscrición previa.

Artigo 4. Quendas, lugar e horario

O programa de actividades “**de aventura verán 2022**” desenvolverase nas seguintes quendas, horario e lugares:

- **SEMANA DE AVENTURA VERÁN: TECNOVERÁN (11 AO 15 XULLO)**

Lugar: AULA DE INFORMÁTICA DE MATOSINHOS
QUENDA do 11 ao 15 de xullo (de luns a venres)
Horario: de 10.00 a 14.00 h
Prazas: 20

Prazo de preinscrición no enlace web: xxxx, do 29 de xuño ao 4 de xullo e prazo de confirmación inscrición en xuventude, do 4 ao 6 de xullo de 2022

- **SEMANA DE AVENTURA VERÁN: NAUTICVERÁN (1 AO 5 AGOSTO)**

Lugar: ARQUIPÉLAGO CORTEGADA E PRAIA COMPOSTELA
QUENDA do 1 ao 5 de agosto (de luns a venres)
Horario: de 9.00 a 14.00 h
Prazas: 15

- **XORNADAS ESCAPE ROOMS VERÁN (11 XULLO E 12 AGOSTO)**

Lugar: Contorna urbana e natural de Vilagarcía (informarase uns días antes aos admtidos/as o lugar exacto do punto de comezo da actividade)

1º Xornada Escape Room Verán:

11 de xullo: Estrelas (temática: Igualdade a través da proposta: Estrelas (mulleres apaixonantes da Historia))

Horario: de 11.00 a 14.00 h aprox.

Prazas: 30 e divididos en equipos de 5 participantes cada un (logo de realizar a preinscrición na web sinalada pola empresa; na formalización da inscrición en

xuventude deberase indicar, no apartado EXPÓN, da solicitude xenérica, con cales outras 4 persoas quere participar formando equipo, xa que esta actividade farase por equipos de 5 persoas ata conformar 6 equipos de participantes por xornada.

2ª Xornada Escape Room Verán:

Lugar: Contorna urbana e natural de Vilagarcía (informarase uns días antes aos admitidos/as o lugar exacto do punto de comezo da actividade)

12 de agosto: Noite meiga (temática : mitos e lendas de Galicia)

Horario: de 11.00 a 14.00 h aprox.

Prazas: 30 e divididos en equipos de 5 participantes cada un (logo de realizar a preinscrición na web sinalada pola empresa; na confirmación de praza en xuventude deberase indicar no apartado EXPÓN, da solicitude xenérica, con cales outras 4 persoas quere participar formando equipo.

Artigo 5. Inscrición

5.1. Lugar e prazo de presentación de solicitudes e documentación a aportar.

Farase unha preinscrición previa, por participante, nos enlaces electrónicos das empresas que vaian xestionar o servizo, e aqueles admitidos/as, por orde de entrada na web de cada actividade e segundo os prazos establecidos nestas bases (para cada unha das actividades propostas no programa “de aventura verán 2022”) formalizará a súa solicitude de inscrición a través do envío dunha solicitude xenérica, (disponible en www.sede.vilagarcia.gal) ao enderezo de: xuventude@vilagarcia.gal ou ben de forma presencial nas dependencias de xuventude, dentro do prazo establecido de inscrición de cada actividade coa documentación que se recolle nas presentes bases e que é a seguinte:

- Fotocopia do DNI do pai/nai solicitante
- Fotocopia DNI do menor participante
- Fotocopia cartilla sanitaria do menor participante
- Declaración responsable de condicións de saúde:
- 2.3. As persoas dos equipos técnicos, así como o pai/nai ou titor dos/as participantes en calquera das actividades do Programa de deberán presentar, antes do comezo da actividade, unha declaración responsable, que recollerá, cando menos, os seguintes puntos e que estará dispoñible, na última semana de xuño para a súa descarga no seguinte enlace: www.sede.vilagarcia.gal:
 - a) Condicións de saúde da persoa participante
 - b) Aceptación, tras a presente información previa por parte do concello, das condicións de hixiene e prevención nas que se van a desenvolver os campamentos urbanos.

- c) Aceptación de notificar inmediatamente ao concello de calquera problema de saúde durante o transcurso da actividade.
- Declaración de saber nadar só na actividade de: Nauticverán
- No caso dos/as menores en situación de tutela ou garda administrativa, certificado expedido pola dirección que acredite que durante o período 2021/2022 o/a menor está en situación de internamento ou atención diúrna

O Prazo de presentación de solicitudes será:

- **SEMANA DE AVENTURA VERÁN: TECNOVERÁN (11 AO 15 XULLO)**

Prazo de preinscrición previa, no enderezo web da empresa: <https://forms.gle/y7yv2YDfjKtCg6V47> (indicado nome, apelidos e tlf.) do 29 de xuño ao 5 de xullo e prazo de formalización da inscrición para os preinscritos/as no enlace web en: xuventude@vilagarcia.gal ou nas dependencias de xuventude ,no concello: do 4 ao 6 de xullo (coa documentación indicada no apartado 5.1 das presentes bases)

- **SEMANA DE AVENTURA VERÁN: NAUTICVERÁN (1 AO 5 AGOSTO)**

Prazo de preinscrición previa, no enderezo web da empresa: info@corticata.com (indicando nome, apelidos e tlf.) do 11 de xullo ao 19 de xullo e prazo de formalización da inscrición para os preinscritos/as no enlace web en: xuventude@vilagarcia.gal ou nas dependencias de xuventude,no concello : do 20 ao 26 de xullo.

- **1º Xornada Escape Room Verán:**

11 de xullo: Estrelas (temática: Igualdade a través da proposta: Estrelas (mulleres apaixoantes da Historia)

Prazo de preinscrición previa, no enderezo web da empresa: info@territorio-comanche.com (indicando nome, apelidos e tlf. e data de xornada de escape á que se anota) do 29 de xuño ao 6 de xullo e prazo de formalización de inscrición para os/as preinscritos no enlace web en: xuventude@vilagarcia.gal ou nas dependencias de xuventude no concello: do 7 ao 12 de xullo.

- **2ª Xornada Escape Room Verán:**

12 de agosto: Noite meiga (temática : mitos e lendas de Galicia)

Prazo de preinscrición previa, no enderezo web da empresa: info@territorio-comanche.com

comanche.com (indicando nome, apelidos e tlf. e data de xornada de escape á que se anota) do 18 de xuño ao 26 de xullo e prazo de formalización de inscrición en para os preinscritos/as no enlace web en: xuventude@vilagarcia.gal o unhas dependencias de xuventude no concello: do 27 ao 5 de agosto.

IMPORTANTE:

A solicitude de formalización de inscrición, para poder participar no programa de actividades de verán "de aventura verán 2022" , deberá presentarse **completa e con toda a documentación indicada no artigo 5.1 preferiblemente** de forma telemática a través da sede electrónica: www.sede.vilagarcia.gal ou ben presencialmente (utilizando o formulario normalizado de solicitude xenérica dispoñible na Sede electrónica do Concello

A sinatura da solicitude implica o coñecemento e acatamento das bases do programa de actividades "de aventura verán 2022". Ademais a sinatura dun proxenitor declara o consentimento para a participación do/a menor por parte do outro proxenitor nas actividades.

As solicitudes que non presenten a documentación acreditativa para o acceso ao programa, no caso de obter praza a través da inscrición nas dependencias de xuventude ou ben a través do enderezo electrónico; xuventude@vilagarcia.gal, quedarán excluídas de non seren completadas antes do remate do prazo de formalización da inscrición dos/as preinscritos/as no enlace web de cada actividade en prazo indicado nas bases . A administración local en calquera momento poderá pedir información e /ou máis documentación que permita comprobar a veracidade dos datos incluídos na mesma.